

II Certame de Fotografía

Asociación Cultural Canle - LIRA

Tema: “Recunchos de Lira”

Bases que rexerán:

- A participación é totalmente libre con un máximo de dúas imaxes por persoa.
- O tema ten un enfoque de libre interpretación, sempre e cando sexan imaxes que se axusten a este motivo; isto é: que todas as imaxes deberán ser dentro dos lindes de Lira.
- As imaxes pódense entregar de dúas maneiras:
 - Impresa en papel fotografía de 20X30(D4)
 - Enviar a imaxe por correo electrónico, que aparece no seguinte punto, cunha calidade mínima de 240ppp (pixels por pulgada), recomendamos 300ppp.
- Enviaranse ao enderezo electrónico **fotografiacanle@gmail.com**, en cada foto que participe añadir en “asunto” o título da imaxe e no corpo do correo: Nome, apelidos, idade do autor, e a zona xeográfica concreta onde foi tomada a imaxe.
- As imaxes presentadas deberán ser inéditas, sen axuste algún, poderán ser antigas.
- Escolleranse as 10 imaxes que máis puntuación acaden polo xurado, para expor durante un ano na Lonxa Vella, o primeiro e segundo clasificado escolleranos o xurado e o terceiro será por votación, o día da inauguración da exposición, polos asistentes.
- Aos autores das 10 imaxes escollidas entregaráselles unha camisola da asociación, e para os tres primeiros clasificados un detalle feito por Charamusca, camisola e libros editados pola asociación.
- O prazo para o envío das fotografías rematará á medianoite do día 16 de xuño, o 16 de xullo (aprox) farase entrega dos premios e exposición no local da asociación.
- Todas as obras que nos chegen quedarán no poder da Asociación, podendo reproducilas e difundilas con total liberdade.
- Se existise algunha dúbida sobre a mecánica do concurso, poden poñerse en contacto con nós a través dos medios dixitais dos que dispoñemos.
- A participación dos concursantes no mesmo implica a aceptación destas bases.
- Coa publicación destas bases queda aberto o prazo de admisión para o concurso.